



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Referencia: FO027A / 2026

Expediente convocatoria: 2025000035008

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACÍONS PROVINCIAIS DE CONFRARÍAS E AGRUPACÍONS DE MARISCADORAS E MARISCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA ACTIVIDADES NO ANO 2026 (FO027A / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades no ano 2026", e vistos os informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades no ano 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades no ano 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de decembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACÍONS PROVINCIAIS DAS CONFRARÍAS E AGRUPACÍONS DE MARISCADORAS E MARISCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA ACTIVIDADES NO ANO 2026 (FO027A/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción Económica e Emprego
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña, con dous eixos: Eixo 1: Actividades Eixo 2: Festas de exaltación de produto pesqueiro
Beneficiarios	Confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña e sen ánimo de lucro.
Programa	FO027A/2026
Aplicación orzamentaria	0510/415/481
Importe da convocatoria	Eixo 1: 500.000,00€ Eixo 2: 150.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria. Poderase traspasar o crédito sobrante nun eixo, de ser o caso, para incrementar o crédito dispoñible do outro eixo.
Importe do orzamento de gastos	Eixo 1: Mínimo 7.500,00 € - Máximo 37.500,00 € Eixo 2: Mínimo 6.000,00 € - Máximo 18.750,00 €

Importe da subvención que se vai conceder	Eixo 1: Mínimo 1.500,00 € - Máximo 30.000,00 € Eixo 2: Mínimo 1.200,00 € - Máximo 15.000,00 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80 % do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	Variable entre 20% e 80%
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán estas subvencións ven constituído polo establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e na seguinte normativa específica:

Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1.- Obxecto

O **obxecto** desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, apoiando as liñas de comercialización e o fomento pesqueiro, por parte das entidades que formen parte dos seguintes ámbitos:

Confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de

mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña e sen ánimo de lucro.

Actividades a subvencionar:

EIXO 1:

As axudas deste eixo van encamiñadas a mellora do desenvolvemento das actividades propias das entidades beneficiarias, mediante as seguintes accións concretas:

- Aluguer de maquinaria ou equipamentos necesarios para o desenvolvemento das actividades da confraría, lonxas e fábricas de xeo.
- Contratación de persoal para as confrarías e para vixilancia das autorizacións marisqueiras, directamente ou a través dunha empresa.
- Adquisición de sementes de moluscos.

EIXO 2:

As axudas deste eixo van encaminadas a subvencionar a celebración de festas de exaltación do produto pesqueiro, mediante as seguintes accións:

- Compras de bens necesarios para o desenvolvemento da actividade que non teñan carácter inventariable.
- Traballos realizados por outras empresas que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade.
- Alugueiros e canons. Os devindicados polo arrendamento de bens mobles ou inmobles (en uso ou a disposición da entidade) que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade: maquinaria, vehículos, espazos distintos do local social, instalacións, materiais, etc.
- Primas de seguros específicos relacionados coa actividade.
- Promoción e publicidade necesarios para o desenvolvemento da actividade.

En calquera dos eixos, a realización do programa de actividades para o que se concedeu a subvención será de exclusiva responsabilidade da entidade.

2.2.- Finalidade

No ano 2026, dada a conxuntura e o contexto social, económico e cultural actual, a área de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector económico en todas as súas dimensións, e moi especialmente naquelas máis directamente vinculadas á creación de emprego, mantemento de estruturas profesionais e creativas dun sector tan importante como é sector pesqueiro.

2.3.- Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes

de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria, poderán admitirse xustificantes que sexan expedidos antes do 16 de xaneiro de 2027.

Base 3. Solicitantes

A presente convocatoria vai dirixida as entidades que se relacionan de seguido, independentemente do número de socios ou membros que as integren:

- Confrarías de pescadores da provincia da Coruña.
- Federacións provinciais de confrarías da provincia da Coruña.
- Agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1.- Gastos subvencionables no programa FO027A/2026:

EIXO 1:

Conta contable	Descrición da conta *
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos e canons (de bens destinados á actividade: Alugueiro de maquinaria ou equipamentos necesarios para o desenvolvemento das actividades das entidades beneficiarias, lonxas e fábricas de xeo)
628	Subministracións (referido unicamente á adquisición de sementes)
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

Deberá acreditarse a vinculación dos gastos de persoal co obxecto subvencionado na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

EIXO 2:

Conta contable	Descrición da conta
600	Compras de bens destinados á actividade: Compras de bens

	necesarios para o desenvolvemento da actividade
602	Outros aprovisionamentos (produtos alimenticios, produtos de limpeza e aseo, material escolar, vestiario, etc. que non teñan carácter inventariable e sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade).
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos: Os devindicados polo aluguer ou arrendamento operativo de bens mobles ou inmobles (en uso ou a disposición da entidade) que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade: maquinaria, vehículos, espazos distintos do local social, instalacións, materiais, etc. Canons: Cantidade fixa ou variable que se satisface polo dereito ao uso ou á concesión do uso das distintas manifestacións da propiedade industrial ou intelectual: Dereitos de autor.
625	Primas de seguros: Primas de seguros específicos relacionados coa actividade.
627	Publicidade e propaganda: Material e servizos de difusión como: Cartelería, material de imprenta, publicidade en medios de comunicación, edición e publicación de libros, catálogos, etc. que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade.

4.2.- Gastos excluídos:

Non serán obxecto de subvención nesta convocatoria as seguintes actividades:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (funcionamento da entidade :auga, luz, teléfono...).
- Os canons portuarios.
- Os servizos de asesoramento fiscal, contable, prevención de riscos e mantemento de equipos.
- Os gastos de locomoción, manutención, aloxamento e atencións protocolarias.
- As viaxes de ocio, axudas de custo e gastos de quilometraxe.
- Importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LXS).
- Os gastos referidos a actividades que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.

- Adquisición de material non inventariable necesario para o desenvolvemento da actividade habitual e regular da confraría: material de oficina, consumibles, envases ou embalaxes, etc.
- Gastos derivados da realización de cursos ou xornadas formativas.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións desta Deputación, agás as do programa FO027B dirixidas a confrarías de pescadores, federacións de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña, coas que serán compatibles.

As axudas concedidas, acollidas ao réxime de mínimos, deberán cumprir as condicións de exención e os límites dos Regulamentos da Comisión 717/2014, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector da pesca e da acuicultura e 2831/2023 do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos, este último para o caso de transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña. O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións

No caso de solicitar a axuda por cada un dos eixos, a entidade deberá presentar unha solicitude independente por cada un dos eixos, e polo tanto, poderá concederse unha subvención por cada un dos eixos solicitados.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

7.1. Difusión do apoio da Deputación.

7.1.1.- As entidades solicitantes procederán a inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades subvencionadas, facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña”.

Esta obriga inclúe todas as comunicacións polas que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.

7.1.2.- As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

7.1.3.- As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Promoción Económica da Deputación

7.1.4.- As entidades solicitantes deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc...) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1.- Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva polo procedemento de concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña nas Bases xerais destas axudas e será aprobada por resolución da presidencia.

8.2.- Valoración das solicitudes

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha comisión técnica de acordo ao sinalado nas Bases xerais, con persoas de recoñecida traxectoria no ámbito de promoción da economía obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A entidade deberá completar todos os apartados da plantilla da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

8.2.a.- Conceptos de valoración

Criterios de valoración EIXO 1:

Coeficiente de financiamento derivado da solicitude	Ata 30 puntos
Interese da proposta presentada: Valorarase por una comisión técnica, tendo en conta os seguintes aspectos: A calidade e solvencia técnica da proposta O impacto da actividade no medio: a investigación e innovación, o aforro enerxético, a mellora da comercialización, o uso das novas tecnoloxías	Ata 40 puntos
Fomento do emprego	Ata 15 puntos
Actuacións en bancos marisqueiros situados en máis de un municipio	Ata 10 puntos
Número de habitantes do concello onde se desenvolve a actividade.	Ata 5 puntos

Criterios de valoración EIXO 2:

(Celebración de festas de exaltación do produto pesqueiro).

Coeficiente de financiamento da Deputación derivado da solicitude	Ata 30 puntos
Interese da proposta presentada: Valorarase por una comisión técnica,, tendo en conta a calidade e solvencia técnica da proposta	Ata 40 puntos
Número de beneficiados directos polas actividades	Ata 15 puntos
Actuacións en bancos marisqueiros situados en máis de un municipio	Ata 10 puntos
Número de habitantes do concello onde se desenvolve a actividade.	Ata 5 puntos

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de

concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación da axuda rematará o **31 de marzo de 2027, ás 14:00 horas**.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas Bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.
- No caso de que algunha das actividades que desenvolve a entidade implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a

faculta para a participación nesta convocatoria.

- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incurso/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) pola prestación dun servizo ou subministracións, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

Documentación

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e do número de persoas asociadas
- Memoria da solicitude.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- No caso de actuacións en bancos marisqueiros situados en máis de un municipio debe achegarse documento que o acredite.
- Declaración das axudas públicas en réxime de mínimos concedidas ou solicitadas nos anos 2023, 2024, 2025 e 2026.
- Certificación na que deberá indicarse a actividade ou actividades económicas que realiza a entidade e para as que se solicita a axuda, co fin de poder determinar o límite que lle resulta de aplicación segundo a normativa vixente en réxime de mínimos.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nestas Bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada, e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (esta declaración suporá unha **redución do importe da sanción dun 90%**).

Documentación

- Acreditación da representación, delegación e cargos, no seu caso.
- Memoria xustificativa.

No suposto de que a subvención se xustifique con gastos de persoal deberá acreditarse na memoria, a vinculación dos gastos de persoal co obxecto subvencionado.

- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

No suposto de que se xustifiquen gastos de persoal, na relación de gastos indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina (conta 640) e o

importe da seguridade social con cargo á entidade (conta 642) que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado.

- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Proba documental (acreditación gráfica, mediante fotografía, imaxes...etc), do cumprimento das obrigas de difusión do apoio da Deputación e do uso da lingua galega contempladas nas bases. No caso de non ter páxina web e/ou de redes sociais, declaración de non dispoñer delas.
- No caso de que contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo ou subministro: Copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:
 - Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
 - Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Poderán acceder a estas axudas as confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña, independentemente do número de socios ou membros que as integren.

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización das actividades tendentes a impulsar o fomento pesqueiro descritas nas Bases reguladoras do programa.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 650.000,00€, con cargo á partida 0510/415/481 do orzamento ordinario para 2026. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.500,00€ e un máximo de 30.000,00€ para o eixo 1 e un mínimo de 1.200,00 € e un máximo 15.000,00 € para o eixo 2.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de decembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Podrán acceder a estas ayudas las cofradías de pescadores, federaciones provinciales de cofradías y agrupaciones de mariscadoras y mariscadores de la provincia da Coruña, independentemente del número de socios o miembros que las integren.

Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de la presente convocatoria se destinarán a la realización de las actividades tendentes a impulsar el fomento pesquero descritas en las Bases reguladoras del programa.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 650.000,00€, con cargo a la partida 0510/415/481 del presupuesto ordinario para 2026. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.500,00€ y un máximo de 30.000,00€ para el eje 1 y un mínimo de 1.200,00 € y un máximo 15.000,00 € para el eje 2.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 15 de noviembre de 2025, y finalizará a las 14:00 horas del día 16 de diciembre de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.